

Versos e area

Un poemario de Xurxo Alonso

 RAMÓN NICOLÁS

Galardeado co primeiro premio na segunda convocatoria do “Fermin Bouza Brey” de poesía, organizado polo Concello de Vilagarcía, publica arestora *Espiral Maior Cidades de area*, de Xurxo Alonso; un autor que nos suscita un especial interese tanto pola lectura do que foi o seu primeiro volume de versos –*Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002), que tivemos a ocasión de saudar no seu día- como polo feito de que neste autor se amosa unha sensibilidade particularmente interesante entre o que son as súas manifestacións como artista plástico e as que se vinculan co seu labor poético.

Vén sendo o propio Xurxo Alonso quen ilumina ao lector arredor das claves que dominan o proceso creativo deste poemario, isto é, composicións nadas ao abeiro, ou máis ben derivadas, do bombardeo

de Irak por parte dos EUA a finais do inverno de 2003. Uns versos, daquela, “escritos ao ditado da actuali-

dade e baixo o rapto da palabra poética” segundo o autor, aínda que sen dúbida vaia moito máis aló dunha suposta ou esperable transmisión ou constatación efémera duns acontecementos bélicos concretos, as consecuencias dos cales, por outro lado, manteñen aínda unha vivencia doadamente palpable nas páxinas dos xornais de arestora.

Hai, xa que logo, nos poemas que poboan esta *Cidade de area* unha filiación nada oculta cunha técnica compositiva aberta, plural, heteroxénea ao incluír materiais discursivos de orixe moi desemeillante que, abeirados á devandita temática bélica –sen se citar o termo guerra, achegá-

monos semanticamente aos conceptos de destrución e aniquilación da vida e da cultura-, van construíndo aos poucos unha crónica da devastación, mais desde a que agroma ao tempo un canto con vocación perdurable no futuro –véxase a recorrente presenza das figuras infantís aquí e acolá citadas como símbolo da esperanza. A esperada omnipresenza da morte e da desolación, entre cascallos e derrubos. É ollada ás veces cun ton elixíaco onde o poeta vén ser o depositario de segredos que nos vai desvelando; noutras ocasións transmite a voz das xentes do común erguendo unha sorte de canto contra a espoliación do futuro.

Concibiu o poeta este exercicio como un proceso polo cal pretendía pórllle palabras aos sonhos. Sonhos desacougados e solidarios, xaora, que non han perder actualidade ao agromaren do corazón e da sinceridade, con destacadas doses de talento.

ALONSO, Xurxo, Cidades de area, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2006, 57 páxinas

